



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR 37/2015 EMISIÓN DE LICENZAS AÑO 2016

A solicitude de licenzas para o ano 2016 a través da FGTA realizarase segundo o establecido na normativa número 4 (tendo en conta a súa adaptación á normativa da Licenza Única).

Só se admitirán solicitudes de licenzas a través do enlace que se habilitará ao efecto na páxina web da FGTA www.fgta.es e asinando os anexos que correspondan.

O acceso a este enlace será a través dunha clave, que se remitirá no momento no que estea dispoñible aos responsables nomeados polo club para a tramitación das licenzas.

A) LICENZAS DE DEPORTISTAS, TÉCNICOS E XUÍCES:

- Todos/as deportistas que soliciten licenza para o ano 2016 deberán remitir o Anexo I ou o Anexo II -segundo corresponda- "*Documento de información e compromiso*"
- Para as licenzas novas deberán cubrir e remitir, ademais, o Anexo IV, "*licenza federativa*"
- No caso dos/as menores de idade deberán cubrir e remitir o Anexo I e o Anexo IV, que deberán estar asinados polo/a representante legal.
- Para a tramitación da licenza é obrigatorio o número do DNI do solicitante, nome, apelidos, sexo e data de nacemento.

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA REMITIR EN DOCUMENTO ORIXINAL Á FGTA:

- Anexo I ou II –segundo corresponda-
- Os menores de idade o Anexo I e Anexo IV
- No caso de licenza nova Anexo I e Anexo IV

B) LICENZAS DE CLUBS:

O club tramitará a súa licenza a través da páxina web www.fgta.es, completando todos os datos que se lle requiran.

Deberá aportar en documento orixinal en papel o Anexo III.

C) TRAMITACIÓN

Para poder garantir a vixencia das licenzas a partir do 1 de xaneiro de 2016, as solicitudes deberán de realizarse antes do día 28/12/2015 (UNICAMENTE A TRAVÉS DA PÁXINA WEB)

O **ingreso do importe das licenzas** realizarase por cada club na conta que a FGTA ten aberta a tal efecto en **ABANCA código IBAN ES78 2080 5368 76 30 4000 7146**.

Non se darán de alta no seguro obrigatorio nin no RC licenzas sen o xustificante de ingreso bancario correspondente.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR 37/2015 EMISIÓN DE LICENZAS AÑO 2016

NOTA**Aos monitores que realizaron o curso no ano 2015 e que acadaron o resultado de “apto” seralles devolto o importe da licenza de monitor, no caso de que a soliciten, polo mesmo medio polo que se ingrese na FGTA**

D) ENVÍO DE DOCUMENTACIÓN:

A documentación orixinal deberá ser remitida polo/a responsable nomeado/a por cada club antes do día 16 de xaneiro por correo á Federación ao seguinte enderezo:

FEDERACION GALEGA DE TIRO CON ARCO
Apdo. de Correos 5368
15009 A Coruña

No caso de non recibir a documentación obrigatoria as licenzas quedarán en suspenso ata o momento no que se reciba a dita documentación.

RESUMO DE PREZOS

LICENZA	TAXAS RFETA	TAXAS FGTA	SEGUROS	EMISION	TOTAL
ARQUEIRO	10.00 €	10.00 €	3.90 €	1.50 €	25.40 €
ARQ.<14 ANOS	5.00 €	5.00 €	3.90 €	1.50 €	15.40 €
MONITOR RFETA	25.00 €	10.00 €	3.90 €	1.50 €	40.40 €
MONITOR FGTA	10.00 €	10.00 €	3.90 €	1.50 €	25.40 €
XUIZ RFETA	25.00 €	10.00 €	3.90 €	1.50 €	40.40 €
ARQ. + MON. FGTA	20.00 €	20.00 €	3.90 €	3.00 €	46.90 €
ARQ. + MON. RFETA	35.00 €	20.00 €	3.90 €	3.00 €	61.90 €
ARQU. + XUIZ RFETA	35.00 €	20.00 €	3.90 €	3.00 €	61.90 €
XUIZ RFETA + MON. RFETA	50.00 €	20.00 €	3.90 €	3.00 €	76.90 €
ARQ.+MON. FGTA + XUIZ RFETA	45.00 €	30.00 €	3.90 €	3.00 €	81.90 €
ARQ. +MON. RFETA+XUIZ RFETA	60.00 €	30.00 €	3.90 €	3.00 €	96.90 €
CLUB					110.00 €

A Coruña, 7 de decembro de 2015



Mayte Doce Platas